

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

17827 REAL DECRETO 2065/2004, do 15 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras. («BOE» 250, do 16-10-2004.)

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, recolleu a lexislación nacional previa na materia e incorporou ao ordenamento xurídico interno unha normativa comunitaria integrada pola Directiva 92/34/CEE do Consello, do 28 de abril de 1992, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, e por outras tres directivas da Comisión ditadas en desenvolvemento e conformidade con aquela.

A Directiva 2003/111/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2003, modificou o anexo II da Directiva 92/34/CE antes citada, no que se refire ao ámbito das especies froiteiras a que se aplica, xa sexa corrixindo denominacións, xa sexa introducindo especies novas.

Este real decreto incorpora ao Regulamento técnico de control e certificación de froiteiras as modificacións introducidas pola nova Directiva 2003/111/CE.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2004,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplicarase á produción, comercialización e importación de plantas de viveiro dos xéneros e especies que figuran no anexo XII, que se utilicen directa ou indirectamente para a produción dos seus froitos, así como os híbridos interxenéricos, interespecíficos ou intervarietais que poidan ter a mesma utilización.

Inclúense igualmente os portaenxertos e outras partes de plantas doutros xéneros ou especies, ou os seus híbridos, se se enxertan ou se deben enxertar neles materiais dun dos citados xéneros ou especies ou os seus híbridos.»

Dous. Engádese un novo anexo XII, que figura incluído como anexo deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10. e 13. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO

«ANEXO XII

Lista de xéneros e especies a que se refire o artigo 1

- a) Subgrupo cítricos: todas as especies botánicas incluídas na familia Rutáceas.
- b) Subgrupo froiteiras de óso e pebida: todas as especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: "Prunus", "Pyrus", "Malus" e "Cydonia".
- c) Subgrupo outras froiteiras: todas as especies botánicas incluídas nos seguintes xéneros: "Juglans", "Corylus", "Pistacia", "Ribes", "Rubus", "Vaccinium" e as especies «Castanea sativa» e "Ficus carica".
- d) Subgrupo oliveira: todas as especies botánicas incluídas no xénero "Olea".
- e) Subgrupo amorodo: todas as especies botánicas incluídas no xénero "Fragaria".
- f) Subgrupo plataneira: todas as especies botánicas incluídas no xénero "Musa".
- g) Subgrupo aguacate: todas as especies botánicas incluídas no xénero "Persea".

17828 REAL DECRETO 2066/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a substitución das embarcacións de menos de 2,5 toneladas de rexistro bruto que se construíron ao abeiro da Orde do 20 de novembro de 1979, de construción, reparación, instalación e cambios de listas de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto, dedicadas á pesca de artes menores, non suxeitas a regulamentación específica. («BOE» 250, do 16-10-2004.)

A Orde ministerial do 20 de novembro de 1979 estableceu a normativa reguladora sobre a construción, reparación, instalación de motores e cambios de lista de embarcacións de menos de 20 toneladas de rexistro bruto (TRB), dedicadas á pesca con artes menores, non suxeitas a regulamentación específica. Na dita orde eximíanse, excepcionalmente, da norma xeral de achega de baixas para novas construcións os pescadores profesionais con máis de cinco anos continuados de profesión que desexasen construír embarcacións de menos de 2,5 TRB, sempre que cumprisen as condicións fixadas para o efecto.

Esta norma foi derogada polo Real decreto 1391/1990, do 8 de novembro, sobre construción e modernización de buques pesqueiros de eslora entre perpendiculares inferior a seis metros e sobre a materialización de baixas.

Para lles garantir a continuidade no exercicio da súa actividade a aqueles pescadores que no seu día accederon a estas embarcacións e continúan realizando o seu traballo coa lóxica deterioración daquelas polo longo